


# Programa de man dixital

25 de xullo de 2025, Igrexa da Universidade 18:00

26 de xullo de 2025, Casa das Máquinas 18:30

27 de xullo de 2025, Igrexa da Nosa Sra. da Merced de Conxo 18:30

Santiago de Compostela



Santiago de Compostela. Venres 25, Sábado 26 e Domingo 27 de xullo de 2025.

# XEIRAS

Tres camiños de auga e terra

O **Encontro de Verán 2025** da Orquestra e Coro da Universidade de Santiago de Compostela propón un percorrido sonoro baixo o título "Xeiras. Tres camiños de auga e terra". Esta proposta articúlase arredor de dous eixes simbólicos: por unha banda, a auga como fonte de vida, emoción e memoria nas obras interpretadas polo Coro; por outra, os territorios e as súas expresións culturais na selección da Orquestra, que explora músicas inspiradas en diferentes latitudes do planeta. **Tres xeiras, tres concertos, tres encontros co mundo a través da música.**

Santiago de Compostela. Venres 25, Sábado 26 e Domingo 27 de xullo de 2025.

# PROGRAMA

## CORO

O occhi, manza mia

O. di Lasso (1532–1594)

Esta tierra

J. Busto (1949) [Texto: Francisco Pino (1910–2002)]

Tres Cantigas de Pontevedra

A. Bertomeu (1929)

Eres tú

J. C. Calderón (1936–2012), arr. M. Schwingrober

Lord, I want

Tradicional afroamericana, arr. W. Stickles

## ORQUESTRA

Elexía

P. I. Chaicovsqui (1840–1893)

Lullaby

G. Gershwin (1898–1937)

Intermedio de Goyescas

E. Granados (1867–1916)

Lala mtoto lala

Tradicional africana, arr. M. Diz (1980–)

Contrabajando

A. Piazzolla (1921–1992), arr. M. Diz (1980–)

Danzas romanesas

B. Bartók (1881–1945)

Jesus bleibet meine Freude, BWV 147

J. S. Bach (1685–1750) [con Coro]

Santiago de Compostela. Venres 25, Sábado 26 e Domingo 27 de xullo de 2025.

## A ORQUESTRA

### Violíns I

Ana Lago  
Francesca Bernardi  
Inés Rios  
M<sup>a</sup> Elena Abrales  
Sofía Vilanova  
Teo Figueira

### Violíns II

Alexia Morillas  
Ángela Sarabando  
Antonio Iglesias  
Nicolás Candisano  
Xián Rial  
Xiana Fraga

### Violas

Abeba Fernández  
Juan Pablo Pardo  
Lía Iglesias  
Valentina Ruiz

### Violonchelos

Aroa Serantes  
Irene Román  
Laura Ros  
Laura Soriano  
María Elena Mato  
Sara Rodríguez  
Zoe Porto

### Contrabaixos

Ángel Vidal  
Dina Durán

## O CORO

### Sopranos

Alicia Gómez  
Carla Dávila  
Irene Pardiñas

### Contraltos

Aloia Moreno  
Natalia Cebreiro  
Susana Silva

### Tenores

Franco Fresco  
Pablo Mato

### Baritonos / Baixos

Francisco Gavilán  
Ross Geraghty

**Director:** Mario Diz

**Director Coro:** Julián J. Pérez

### Profesores participantes:

Ayse Asay, violín  
Antía Garcia, violín  
Blanca Bello, viola  
Clara Martínez, violonchelo

### Pianista acompañadora:

Paula Gago

## A Nosa Historia

A Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, no seus inicios Orquestra do Espazo de Cámara, nace co obxectivo de impulsar nos xoves universitarios e, por extensión na cidadanía de Compostela, un proxecto educativo e cultural cuxo eixo fundamental é a música.

Co patrocinio da Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos, o grupo que conforma a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Mario Diz, procura de xeito prioritario a formación musical dos seus membros quen, semana tras semana, adquiren un maior compromiso co estudo e a difusión dos valores da música. Para esta fin, agradece e conta con todo tipo de colaboracións, que se van amosando de xeito diverso en cada proxecto.

Dende o 2010, a Orquestra da Universidade afondou en proxectos tan ilusionantes como o aniversario de Debussy co concerto de Arpa e Orquestra do mesmo autor, interpretado pola solista Reyes Gómez especialmente convidada para este evento, o Concerto de Violonchelo de Haydn en Re maior, interpretado por Carlos G. Amigo, monográfico sobre Astor Piazzolla, monográfico sobre a música galega no que o solista Gregori Nedobora interpretou o concerto do violinista galego Manuel Quiroga.

Na tempada 2014-15 interpretou, xunto co coro Vigués Gli Apassionati, o Magnificat de J.S. Bach e o Gloria de Vivaldi.

En 2015, polo seu quinto aniversario, edita e publica un dobre CD conmemorativo titulado "Un Lustro de Historia" no que se reflicten gravacións en directo de diversos concertos realizados nos cinco primeiros anos de andaina desta orquestra e no que participan diferentes solistas de sona apoian o proxecto.

En colaboración coa Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela realizan unha versión do musical Sweeney Todd de Stephen Sondheim. Participa tamén nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela dende o seu inicio xunto a Sinfónica de Galicia, e a Real Filharmonía de Galicia como unha das tres orquestras convidadas.

En novembro de 2018, a Orquestra viaxa e participa no II ENCONTRO DE ORQUESTRAS ACADÉMICAS en Coimbra, Portugal, desenvolvendo e partillando escenario coa Orquestra Académica da mesma cidade.

En 2019 a OUSC a través da Fundación CEER e o plan O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia, organiza o proxecto Música en Camiño, no que estrea catro composicións de estudantes de música, mozos que participan nunha masterclass co mestre Candido Lima celebrándose cinco concertos en lugares pertencentes ao Camiño Portugués ata chegar a Santiago de Compostela onde o proxecto culmina nun concerto final.

Durante a pandemia do COVID-19 a OUSC adaptándose a eses momentos continúa a súa actividade realizando unha serie de concertos pechados ao público pero rexistrandoos audiovisualmente formalizando o proxecto «Música en Pandemia» que reflicte diferentes composicións da historia da música dende o barroco até a actualidade compostas en diferentes pandemias, este traballo culminase nun DVD que acaba de saír á luz.

Incorporándose ao proxecto diversos profesores da Orquestra da cidade, a Real Filharmonía de Galicia, así como profesores relevantes do ámbito musical galego contando coa participación de Iago Lariño Rodal como director no pasado Concerto de Nadal a OUSC está incluída en SINERGIA, rede de Orquestras Universitarias Española, ademais está incluída dende o 2015 na Rede de Orquestras Universitarias Europeas, ENUO, no que participan orquestras de máis de 28 nacionalidades de toda Europa.



## A Historia do Coro

O Coro da Universidade de Santiago de Compostela fundouse no ano 1979 por iniciativa da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A súa posta en marcha foi encomendada a Maximino Zumalave, que asumiu a dirección até o ano 1985. Despois estiveron á fronte da agrupación Xan Viaño, Margarita Guerra, Juan Carlos García Pardo e Juan Carlos Dorgambide. Dende 1999 ata 2022 estivo dirixido por Miro Moreira, profesor de Canto Coral e Formación Vocal da USC. Na actualidade a formación está nun proceso de refundación no que participarán diversos directores convidados de relevancia no eido coral.

Dende os seus primeiros anos de andadura compaxinou o repertorio *a capella* coa interpretación de grandes pezas clásicas da literatura musical como *A pequena missa solemne* de Rossini, *Mesías* de Händel, *Pequeno libro de órgano* de J.S. Bach, *Responsorios de tebras* de Victoria, *Stabat Mater* de Haydn, *Ceremony of Carols* de Britten ou *Magnificat* de Vivaldi, entre outras. Intermi en diversas ocasións nos festivais de ópera da Coruña e, como importante aspecto do seu labor divulgativo, destaca a recuperación de pezas de mestres de capela das catedrais galegas como Melchor López ou Diego de Muelas.

A agrupación tivo unha interesante dedicación pedagóxica que cabe salienta pola música antiga con programas como a *Missa brevis en Sol, KV 49* de Mozart, os oratorios *Jephte* e *Xonás* de Carissimi, *Gloria* de Vivaldi, *Barca di Venetia per Padova* de Banchieri, *Música Barroca do período virreinal* (gravación en C.D conmemorativo da celebración do XXV aniversario do Coro), *Misa Dolorosa* de Caldara, *Las Ensaladas* de Mateo Flecha, *El tañer con el cantar: cancioneros de*

*Upsala, Medinacelli e Colombina, Nacións barrocas* (escolas barrocas europeas), *Dido e Aeneas* de Purcell, *Membra Jesu Nostrí* de Dietrich Buxtehude, *Luces y cariños* en torno a José de Vaquedano, e *Música das catedrais de Nueva España*.

Na actualidade, está concibido como un proxecto pedagóxico de formación coral, desenvolvendo diferentes programas en conxunto coa Orquestra da Universidade en colaboración con diferentes directores ou directoras especialistas convidados.



## Mario Diz

Mario Diz é un músico cunha ampla traxectoria profesional, vinculada a proxectos diversos no ámbito da composición, dirección e didáctica musical. Desde 2010, é director da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, á fronte da cal desenvolveu proxectos relevantes tanto a nivel artístico como educativo.

Como discípulo de Antón García Abril, destaca pola súa actividade compositiva, con estreas en ciclos das Xornadas de Música Contemporánea organizadas polo CNDM e encargos como Tres Pezas Para Banda, estreada pola Banda Municipal de Santiago de Compostela e xa interpretada novamente con outras agrupacions como a Banda Municipal da Coruña. No ámbito da música de cámara, salientan obras como a suite de nanas Todos os Nenos Soñan, gravada pola mezzosoprano Nuria Lorenzo xunto a viola e arpa, e o seu primeiro cuarteto de corda Es gibt dich (Existes), estreado polo prestixioso Cuarteto Bretón. Ademais, no ámbito sinfónico, compuxo Catrina e Dona Francisca, baseado nun conto de Paula Carballeira, estreado pola Orquestra Sinfónica de Pontevedra no Salón do Libro de Pontevedra en 2018.

Doutor en Educación, é profesor de Didáctica da Expresión Musical na Universidade de Santiago de Compostela e profesor convidado en diversas universidades españolas, onde comparte a súa experiencia como especialista en didáctica da música. De 2008 a 2016, foi membro do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela e profesor de violín. A súa paixón por este instrumento reflíctese na publicación en 2015 do método Mi

Primer Violín, que inclúe máis de 20 pezas orixinais para a iniciación musical en idades temperás. Así mesmo, realizou estudos sobre metodoloxías de ensino da corda fricciónada, obtendo o título de Mestrado en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo.

Mario Diz desenvolveu múltiples proxectos didácticos, creando guías e propostas para concertos educativos con institucións como a Real Filharmonía de Galicia, Auditorio de Galicia, Concello de Santiago, Consellería de Educación da Comunidade Valenciana, Semana de Música Religiosa de Cuenca, Concello de Gandía, Museo de Arte Contemporánea de A Coruña e Concello de Pontevedra, entre outros.

 [Páxina web](#)



Santiago de Compostela. Venres 25, Sábado 26 e Domingo 27 de xullo de 2025.

## Julián Jesús Pérez

Profesor, músico e apaixonado da música vocal, Julián Pérez é unha das figuras de referencia na dirección coral en Galicia. Cunha ampla traxectoria tanto artística como pedagóxica, dirixiu durante anos agrupacións como o Coro de Cámara de A Coruña, o Coro Universitario da UDC, a Camerata Vocal da UDC e actualmente está á fronte do ensemble Concentus Cruniensis.

Ao longo da súa carreira formouse con destacados mestres internacionais de canto, polifonía e dirección, combinando sempre a interpretación coa docencia e a divulgación da música coral. Como director, ten desenvolvido proxectos en España, Portugal, Italia, Polonia, Escocia ou Ucraína.

Ademais, é autor de libros e artigos de investigación e traballa tamén como pianista de cámara acompañando a recoñecidos cantantes líricos.





Santiago de Compostela. Venres 25, Sábado 26 e Domingo 27 de xullo de 2025.

Agradecemos a todos os participantes polo seu entusiasmo e compromiso, ás familias polo seu apoio constante, ao Concello de Santiago pola cesión do espazo da Casa das Máquinas e á Parroquia da Nosa Señora da Merced de Conxo pola súa acollida.

Curso 2024 - 25

PREME NAS ICONAS E ACCEDE AS NOSAS RRSS

